

a s  
ori  
xes

# A FESTA DOS MOZOS

A Festa dos Mozos goza dunha gran tradición en todo o concello de Bueu. Ao longo dos meses do verán celebrábase nas parroquias de Cela, Bueu e Beluso, facendo destas festas as más importantes do ano.

Aínda que non son moitos os estudos sobre as Festas dos Mozos, últimamente están a sair interesantes investigacións neste sentido (Xosé M. Cerviño Mera. "As Festas dos Mozos na Parroquia de Bueu". En: Pontenova. Revista de Novos Investigadores. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra, 1998). Segundo a información oral dos propios veciños de Bueu, é na parroquia de Cela donde, a finais do século XIX, empezou a tradición de celebrar a Festa dos Mozos. Nunha carta que o Presidente da Comisión de Bueu lle dirixe ao concello, con data do 7 de setembro de 1901, dise que a festa está "dedicada á (sic) la Virgen de los Dolores; y siguiéndose (sic) la costumbre de años anteriores (...)".

Organiza a festa da Sociedade da Función dos Dolores Juventud de Bueu quen invita á corporación municipal á misa, eso sí, pedíndollelles antes unha subvención de 50 ptas.

As primeiras novas escritas en relación á *Festa dos Mozos de Beluso* son as recollidas polo xornal local *La Voz de Bueu* en 1904: "En Beluso, con mal tiempo, fiestas los días 24 y 25 (de setembro) con las bandas de Moaña y Cabeiro. Gaitero Daniel Pastoriza, tamboril Bión, y bombero Victoriano. A las once se reunieron en Ruanova los mozos, con distintivo azul y blanco, en dos filas y con las músicas acudieron a la misa oficiada por don José A. Ferro. Luego, procesión hasta el Cristo. A las cinco en el atrio concurso de muiñeira al que se presentaron solamente parejas. Ganó Benito Gómez, de Bueu con Esperanza Pérez, esposa del gaitero".

